

A pesca, aliada na conservación das aves mariñas

As aves mariñas son un dos grupos de vertebrados máis ameazados do mundo.

As súas tres principais ameazas son as especies invasoras, a captura accidental en artes de pesca e o cambio climático. Preto do 45% de todas as aves mariñas do planeta está exposto polo menos a unha delas. Así como desde sempre foron aviso de presenza de peixe para as xentes do mar, hoxe son indicadores do estado de saúde ambiental dos océanos.

A boa noticia é que moitas das solucións son coñecidas. No caso da pesca, grazas á colaboración e o apoio constante das persoas profesionais do mar sabemos cada vez mellor como reducir ese impacto. Estas solucións son beneficiosas tanto para aves como para os pescadores: evitando o enmalle das primeiras, os segundos acadan mellor rendemento e sustentabilidade no seu oficio: traballan e coidan aínda mellor o mar.




Aves Ártabras

Compartindo espazos



Arrastre

En ocasións, cando se reúnen centos de aves á popa dun barco de arrastre, algunha delas pode golpear contra un cable ou quedar atrapada na rede ao virar.




Cerco

Cando se pecha a rede, aves como pardelas e mascatos poden quedar atrapadas no copo mentres intentan capturar algún peixe. Este problema parece ser pouco frecuente en Galicia.



Palangre de fondo e palangrillo

No momento de largar a liña as aves, atraídas polo cebo, poden quedar atrapadas ou enganchadas nos anzós, e afundirse coa arte. Sucédelles sobre todo ás pardelas, mascatos e gaivotas. Isto pode supor a perda de cebo e capturas para os mariñeiros.



Redes fixas

Ao tentar coller un peixe capturado nestas redes, ou mentres pescan baixo a auga, as aves mergulladoras como corvos mariños, araos dos cons, arao carolos ou mobellas resultan enmalladas neste tipo de arte.



Furaburchos balear

As solucións que se van identificando para afrontar estes problemas deben ser adaptadas a cada zona do mundo e a cada tipo de pesca. Segundo demostra a experiencia, as mellores son aquelas que combinan varias medidas. No caso de Galicia:



Arao carolo

Solucións no palangre de fondo e palangrillo

Largar preferentemente de noite: as aves están menos activas.

Lastrar a liña con máis pesos, e de maior tamaño. Así afunde máis rápido, e está menos tempo accesible para as aves.

Empregar cebos pouco atractivos para as aves.

Evitar calar cando hai moitas aves ao redor.

Evitar lanzar peixe ao mar antes, durante e despois das manobras de largar e virar a liña.

Reducir no posible o tempo de calado do palangre de superficie en horas de luz.

Solucións nas redes de enmalle

Como afectan de forma moi seria aos ameazados corvos mariños, convén largalas a boa distancia das súas colonias, durmidoiros, garderías (concentracións de exemplares novos ao final da tempada de cría, na primavera e verán) e zonas habituais de alimentación.

Se é posible, tentar poñelas a profundidades superiores aos 30 m.

Reducir no posible o tempo de calado da arte en horas de luz.

O embalo é unha técnica non permitida, pouco selectiva e de grande impacto nas aves mariñas.

